



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos
Sección de Planificación de Recursos Humanos

Expte.: 2018000036141

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTA DE PERSOAS ASPIRANTES A PERSOAL TEMPORAL PARA POSTOS DE TÉCNICO/A FINANCEIRO TRIBUTARIO (A1) REGULADAS POLO REGULAMENTO DO 2 DE XULLO DE 2008

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver o expediente relativo á aprobación da lista de aspirantes a persoal funcionario interino e/o laboral temporal para postos de técnico/a financeiro tributario (A1)

I.- ANTECEDENTES

Unha vez rematado o proceso selectivo para a elaboración dunha lista de aspirantes a persoal funcionario interino e/o laboral temporal a postos de técnico/a financeiro tributario (A1) o tribunal cualificador formulou a correspondente proposta coa relación das persoas que o superaron para o seu posible nomeamento como persoal temporal da Deputación.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1 A presidencia da Deputación en uso das atribucións que ten conferidas polo artigo 34 da Lei 7/1985, Reguladoras das Bases de Réximen Local e disposicións concordantes é competente para coñecer do presente asunto.

II.2 O artigo 7 do Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 151, do 2 de xullo de 2008) prevé que *“unha vez elaboradas as listaxes con todos os aprobados e aprobadas, elevaranse á Presidencia da Deputación provincial, que as aprobará por resolución e, unha vez aprobadas, expoñeranse no taboleiro de anuncios e páxina web da deputación, na que tamén se expoñerán os cambios que se produzan nela”*.

II.3 O dito Regulamento recolle que no caso de empate nas notas obtidas nas probas correspondentes *“prevalecerá a nota máis alta obtida no primeiro exame, de persistir o empate terá preferencia a muller ao home sempre e cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino nunha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o*

número de mulleres e o número de homes, agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir ao home, e en caso de continuar o empate terá preferencia o/a aspirante de maior idade”.

De acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas anteriores

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a lista de persoas aspirantes para posibles nomeamentos como persoal funcionario interino e/o laboral temporal desta Deputación, para postos de técnico/a financeiro tributario (A1) integrada polas persoas que superaron os exercicios do respectivo proceso selectivo, segundo se indica deseguido:

ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	P1E	P2E	PTPS
1	REBOLLEDO OLMEDO, JACOBO	77*0*525*	7,65	8,92	16,57
2	REY LÓPEZ, CARMEN	3**364*6G	8,40	5,58	13,98
3	LÓPEZ FERNÁNDEZ, ANTONIO	32**255*H	7,05	6,5	13,55
4	FERNÁNDEZ CADAHÍA, JOSÉ MANUEL	*27*58*2Q	7,40	5,62	13,02
5	CARRO EIROA, MARÍA CRISTINA	32**45*1Z	6,80	5,725	12,53
6	MOINELO LÓPEZ, LEILA	4*8**818R	6,50	5,15	11,65
7	REGO MARTÍNEZ, ROSA MARÍA	*2930*90*	6,35	5,025	11,38
8	POUSO FUSTES, MARÍA SANDRA	326*9*4*J	5,65	5,02	10,67
9	SOUTO IGLESIAS,NATALIA	7*31*0*7G	5,10	5,485	10,59

Segundo. Publicar a lista na páxina web desta Deputación (<https://www.dacoruna.gal/recursos-humanos/listas-emprego-temporal/>).

Terceiro. Deixar sen efecto desde a data desta resolución as listas vixentes con anterioridade para os mesmos postos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.